

NON PODEN CON NÓS

O test foi completado, o partido gañouse por goleada. A multitude de galegos que o día 16 asolagaron Compostela fan ver que, contra as prediccións dun Fraga cada vez máis ofensivo e desmandado, NM está lonxe de botar a traca final. E o que escribiu que nos disolveramos no noso propio caldo, debe estar a matinar qué facer con tanto líquido.

Todos deberían aceptar que, máis alá das súas comenencias e antollos, estamos aquí e temos corda para rato. Nin esquecemos nin nos imos, coidamos que este movemento mantén vixencia e, polo visto, unha parte substancial da cidadanía pensa igual.

Despois da última demostración, se cadra algúns irónicos, escépticos ou cínicos asumen que cómpre afacerse a *Nunca Máis* durante un tempo prolongado, todo o que faga falta.

O tempo necesario para seguir a actividade do Parlamento Europeo, o debate da seguridade no mar, a investigación sobre responsabilidades. Procesos nos a plataforma debe estar presente como parte.

O tempo necesario para ver o que dá de si, en qué queda o chamado *Plan Galicia*.

O tempo necesario para esixir ata o final que se libren de contaminación costas e fondos.

O tempo necesario para esixir auténticos planos de recuperación económica nas comarcas directamente afectadas pola marea negra.

O tempo necesario para esclarecer o auténtico estado do mar e a vida que hai nel; o estado das pesquerías, do marisco e os aspectos sanitarios, sen demagogia nin ocultacións.

O tempo necesario, en fin, para que os mariñeiros e demais persoas prexudicadas reciban a reparación e compensación que lles corresponde.

Nunca Máis é unha voz inconfundible, unha forza que xoga a prol de Galicia. O mundo do mar, a sociedade, deben saber que ternos opera ao seu favor. E o poder político actual debería asumilo.

ACTOS DO CABODANO Vindeiras semanas

Xornadas sobre a Maré Neghra CAF do Campus

1.- "O sinistro do Prestige. Problemas ambientais e biorremediación". Miguel Anxo Murado, do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo. 19 de novembro, 20:00, no Salón de Actos de Maxisterio.

2.- "Consecuencias ecolóxicas dunha marea negra". Xabier Vázquez Pumariño, biólogo ambiental, membro de ADEGA. 20 de novembro, 20:00, no Salón de Actos do IES Lucus Augusti.

3.- "Impacto socio-económico dunha marea negra". Xoán Ramón Doldán, profesor de Economía da USC. 26 de novembro, 20:00, no Salón de Actos de Maxisterio.

4.- "A marea negra: Perspectiva política e realidade social a un ano da catástrofe". Bieito Lobeira, deputado do BNG. 27 de novembro, 20:00, no Salón de Actos de Maxisterio.

GALICIA SEGUE EN PÉ

Esiximos

Seguranza no mar
Recuperación ambiental.
Recuperación económica.
Recuperación social.
Responsabilidade política.

POLA DIGNIDADE

